

# Obradoiro de Creación e Interpretación poética

A Concellaría de Normalización Lingüística vai levar a cabo un obradoiro gratuíto de Creación e Interpretación poética de 8 horas (impartido por Silvia Penas):



## Creación de textos poéticos (4 horas):

repasso pola poesía oral galega, composición individual e colectiva de textos poéticos, procurar formas de creación, ideas e xogos para conseguir resultados na escritura automática e na improvisación oral de textos poéticos, etc.

## Lectura e interpretación (4 horas):

aprender técnicas e exercicios básicos para un quecemento vocal, tratar de dominar a expresión facial e corporal, ton e interpretación oral, etc.

**O obradoiro (8 horas) terá lugar no Instituto Municipal de Educación-IME (camiño do Chouzo, 2):**

**Creación de textos poéticos-4 h:**

**o luns, 28 e o martes, 29 de maio de 2018 de 18:00 a 20:00 (prégase puntualidade)**

**Lectura e interpretación-4 h:**

**o luns, 4 e o martes, 5 de xuño de 2018 de 18:00 a 20:00 (prégase puntualidade)**

**Para maiores de 16 anos**

*Para se inscribir deben enviar os seus datos (nome completo, idade, teléfono) ao correo electrónico [actividades.snl@vigo.org](mailto:actividades.snl@vigo.org) (deben poñer no asunto: obradoiro creación e interpretación)*

Máis información na web: [snl.vigo.org](http://snl.vigo.org)